

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA A HUMANIZACIÓN DO ANTIGO CAMPO DA FEIRA DO PORRIÑO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Porriño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Porriño para humanización do antigo campo da feira do Porriño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece que a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un



factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

**Segundo.-** As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

**Terceiro.-** Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

**Cuarto.-** Que a celebración do Ano Santo Xacobeo nos anos 2021 e 2022 constituíu para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

O concello do Porriño pretende acometer o acondicionamento e humanización do antigo "Campo da Feira" do Porriño e da súa contorna inmediata, desde Avenida de Domingo Bueno hasta la calle Parque Infantil.

O terreo está situado no Núcleo Urbano do Porriño, clasificado como zona verde 04 (ZV04). Dentro do parque emprázase o Fornelo de San Luís, antiga entrada ao Metro de Madrid, elemento catalogado polo PXOM cun grao de protección e obras Ambiental.

Este espazo verde, situado no centro urbano do Porriño, é coñecido actualmente como "Parque Infantil" non obstante, foi durante moitos anos, unha gran carballeira onde se realizaban as feiras semanais, tal e como se pode ver nas imaxes do arquivo municipal. O espazo está delimitado por un muro perimetral e por beirarrúas e viarias rodados: ao oeste Avenida



Domingo Bueno e ao leste a rúa Parque Infantil. O proxecto comprende a humanización do propio parque e a súa contorna próxima, enfocándose na rúa este. A Xunta de Galicia está por tanto interesada tanto na mellora e posta en valor do patrimonio como na súa promoción co fin de dalo a coñecer, conservalo e potenciar a promoción turística.

A Xunta de Galicia está por tanto interesada tanto na mellora e posta en valor do patrimonio como na súa promoción co fin de dalo a coñecer, conservalo e potenciar a promoción turística.

**Quinto.-** O presente convenio ten por obxecto a humanización do antigo campo da feira do Porriño.

O obxectivo da intervención é recuperar a antiga esencia de carballeira e campo da feira, integrando o espazo verde na contorna urbana. Para eles se desdibuxan os límites, estendendo o parque en todas as direccións. Os obxectivos son mellorar a mobilidade peonil, conectando o espazo co núcleo urbano, o camiño de Santiago e o Cemiterio municipal; aumentar o arbolado e vexetación e poñer en valor do Fornelo de San Luís, para fomentar a recuperación da memoria histórica e o patrimonio inmaterial do lugar.

**Sexto.-** A Xunta de Galicia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, dado que polo municipio discorre o Camiño de Santiago Portugués, sendo o núcleo urbano parada da primeira etapa desde Tui. Este feito xera unha numerosa chegada de visitantes e turistas que pernoctan na vila.

Nos últimos anos implementáronse políticas de peonalización no centro urbano, coa mellora dos pavimentos fomentando a mobilidade peonil no centro urbano. Estas actuacións vanse completando paulatinamente, estendéndose para mellorar a calidade do espazo.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello do Porriño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

